



Titoría e Convivencia

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 18-20

M^a Amparo López Romalde

Directora do CEIP San Xoán de Filgueira
(Ferrol)

ceip.xoan.filgueira@edu.xunta.es

INTRODUCCIÓN

Despois de 15 anos na dirección dun centro levando a cabo un proxecto de convivencia podo, simplemente, relatar a nosa experiencia. No proxecto do centro, o máis importante é que a súa filosofía chegue a cada unha das persoas que conforman comunidade educativa (en especial ao noso alumnado), polo tanto o papel d@s titor@s é fundamental para poder transmitir os valores presentes na nosa escola.

O proceso de converter a educación en valores, a convivencia e a inclusión na nosa filoso-

fía e cultura de centro comezou no CEIP San Xoán de Filgueira en 2006. Fomentamos valores como a igualdade, a solidariedade e o respecto e responsabilidade, aprendendo con accións concretas de apoio e acompañamento. Desexamos que o noso alumnado considere a súa escola e as persoas que forman parte dela como algo importante na súa vida, favorecendo as relacións, a convivencia e a aprendizaxe.

CONTEXTO

O noso centro escolariza 193 alumnos e alumnas en 10 aulas: 3 de EI (cun total de 50 alum-

nos e alumnas) e 7 de EP (con 143) onde cada nivel ten unha liña (excepto 5º de EP que ten dúas). A media de alumnos por aula en EI é de 14 e en EP de 20. O nivel socioeconómico e cultural dunha parte importante do noso alumnado é moi baixo.

Unha alta porcentaxe presenta características socioculturais moi particulares, un 30% é de etnia xitana proveniente de catro asentamentos da zona e un 3% é estranxeiro, tamén hai alumnado procedente dunha barriada marxinal próxima. Isto provoca que contemos cunha cantidade elevada de nenas e nenos con necesidades educativas de atención educativa e moitos deles en situación desfavorable e de exclusión social.

OBXECTIVOS

- Educar ao noso alumnado nos valores de igualdade, tolerancia e convivencia a través do coñecemento da diversidade presente na nosa escola.
- Facerlle sentir ao alumnado e ás súas familias que a nosa/a súa escola é o seu fogar e sentir-

se arroupados pola comunidade educativa para facer fronte a situacións adversas.

- Formar o alumnado nun ambiente de igualdade e xustiza, para que no futuro se constrúa unha sociedade máis xusta, equitativa e pacífica.
- Desenvolver programas de intelixencia emocional de cara á resolución de conflitos e ao avance da autoestima.
- Desenvolver unha organización de centro favorable á inclusión dos seus membros, con responsabilidades igualitarias sen distincións de ningún tipo.
- Sensibilizar a comunidade educativa nos valores que favorecen a vida nun ambiente pacífico e de respecto.
- Previr situacións de urxencia social actuando directamente ou solicitando axuda a Servizos Sociais do concello ou Xunta de Galicia.
- Levar a cabo proxectos conxuntos coa ANPA e outras entidades que favorezan a inclusión escolar e social do alumnado.

O noso traballo con relación ao conflito baséase no diálogo e o reforzo, nunca no castigo. No noso NOFC non contemplamos a expulsión temporal do centro, e temos unha aula de convivencia, usada en contadas ocasións, que non é considerada como un caixón de xastre onde acabe o alumnado molesto. Enfrontámonos ao problema e esgotamos todas as medidas (que son moitas) para solucionalo.

ACCIÓNS E RECURSOS

Intentamos intervir de forma responsable, con compromiso e eficacia en dar resposta a problemas e necesidades tanto do alumnado como das súas familias para compensar desigualdades e mellorar, dentro das nosas posibilidades, as súas condicións de vida.

Vimos a necesidade, tendo en conta a diversidade de alumnado e a situación de desigualdade que se vive na nosa sociedade e nos centros como reflexo da mesma (incluída a de xénero), de comezar a ensinar e aprender (todas e todos) nun cli-



ma de convivencia e respecto de tod@s para tod@s.

Este proxecto global de Convivencia e Educación en Valores titúlase este curso 2017-2018 "Unha canción, unha festa". Usamos a música e a literatura como ferramentas para traballar os diferentes valores, que se nutren doutros que se levan a cabo desde distintas áreas e equipos funcionando como eixe vertebrador de todas as iniciativas que se realizan (biblioteca, dinamización da lingua galega, TIC, etc.).

O método de traballo consiste na realización de propostas deseñadas desde os distintos equipos de dinamización, e tamén se inclúen as suxestións puntuais procedentes do profesorado, ANPA ou comunidade educativa. Cada curso escolar vira en torno a un centro de interese. Cada mes dedicámos-

llo a unha temática: marzo á muller, abril á multiculturalidade e ao libro etc.

As competencias básicas son: aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal, coñecemento e interacción co mundo físico, e competencia social e cidadá. Como actividades máis importantes destacan as titorías directas co alumnado sobre intelixencia emocional, habilidades sociais e resolución pacífica de conflitos (o recuncho do diálogo); o apadriñamento lector, e padriños e madriñas de diferentes actividades; proxecto de recreos didácticos: prevención de conflitos; proxecto de mellora da lectura, escritura e cálculo ou actividade de piscina.

Realizamos unha avaliación continua que nos proporciona información para saber que axustes temos que ir facendo co paso do tempo.

CONCLUSIÓNS

- O CEIP San Xoán de Filgueira é un colexio de valores (paz, igualdade, solidariedade...) onde o noso alumnado convive harmonicamente. Isto non é casual, é froito do traballo consciente do profesorado.
- A diversidade debe presentarse como un ben á comunidade educativa, intentando achegar diversidade culturais que leven ao coñecemento mutuo e superen temores ancestrais.
- Temos que continuar co achegamento ás familias. É imprescindible que estas coñezan a positiva realidade do colexio e asuman a inclusión como un valor na educación dos seus fillos e fillas. Hai que descartar a idea de colexio marxinal para aqueles que acollen nenos e nenas de diversas culturas, razas e NEE. Do mesmo xeito, temos que continuar invitando a comunidade a participar da idea e das actividades deste Proxecto.
- As actividades concretas desenvolvidas desde a aula en ti-

torías seguiron afianzando no alumnado o comportamento democrático e tolerante, cooperativo e participativo de igualdade á hora de realizar os traballos propostos.

- Os recunchos para o diálogo son puntos de referencia onde se solucionan os conflitos a través do diálogo e de forma pacífica.
- Vimos a necesidade de continuar co proxecto como ferramenta para o noso traballo cotián.
- A función do profesor-titor é fundamental para desenvolver o Proxecto Xeral de Centro.■

